



# Padrón

## Concello de Padrón

CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.padron.gal](http://www.padron.gal)  
Tf: 981 81 04 51  
Fax: 981 11 72 98

### PROGRAMA 'PADRÓN EXPERIENCIAS 2021'.

#### 1.- Organizadora:

A concellería de Turismo do Concello de Padrón con domicilio na rúa Longa, número 27 con CIF P1506600D, organiza o programa 'Padrón Experiencias 2021' no que se realizarán unha serie de sorteos a través da rede social Facebook.

**2.- Desvinculación con respecto a Facebook.** Facebook non patrocina, avala nin administra de modo algún esta promoción, nin está asociado a ela. A persoa usuaria desvincúlase totalmente de Facebook e é consciente de que está proporcionando a súa información ao concello de Padrón e non a Facebook. A información que proporcione empregárase para comunicarlle o premio.

**3.- Mecánica do concurso.** Para participar:

- Seguir a páxina de Padrón Turismo (<https://www.facebook.com/padronturismo/>)
- Seguir a páxina do establecemento/empresa da experiencia que se sortea, de ser o caso.
- Nomear na mesma publicación á persoa coa que che gustaría compartir esta experiencia. Cantas máis persoas nomees, máis oportunidades tes.
- Compartir no teu muro esta publicación.

**4.- Duración.** A data de comezo do sorteo será dunha semana dende a publicación de cada experiencia.

**5.-Requisitos para participar.** Poderán participar todas as persoas físicas maiores de 18 anos que sexan seguidores da páxina de Facebook cun perfil de usuario real nesta rede social. Non poderán participar perfiles fraudulentos.

**6.- Selección das persoas gañadores,** comunicación e entrega. Cada persoa gañadora será elixida de forma aleatoria entre todas as persoas a través dunha plataforma na rede. Publicarase a través da rede social Facebook o nome da persoa gañadora, a cal poñerase en contacto coa Oficina de Turismo de Padrón para concretar as condicións do premio.

**7.- Premio.** Cada semana sortearase unha experiencia diferente, dende estancias en aloxamentos en Padrón, ceas, vales de compra, produtos locais, etc. A experiencia poderase consumir durante todo o ano 2021 baixo reserva previa e dispoñibilidade do establecemento participante.

**8.-Protección de datos.** Os datos subministrados polas persoas participantes serán tratados conforme a normativa aplicable, cuxa finalidade será simplemente poñerse en contacto coa persoa gañadora.

**9.- Aceptación das bases.** A simple participación no concurso implica a aceptación das presentes bases, polo que a manifestación no sentido de non aceptación da totalidade ou parte das mesmas implicará a exclusión da persoa participante e como consecuencia do mesmo, o concello quedará liberado do cumprimento da obriga contraída con dito participante.